PARLAMENTO DE GALICIA

Acta da sesión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do día 21 de xaneiro de 2025

[RRC/MSGN]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, o día 21 de xaneiro de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Patricia García González
(Presidenta)
Paula Mouzo Mas
(Vicepresidenta)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
Pablo Javier Prieto Perille
Raúl Santamaría González
Manuel Santos Costa

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Óscar Insua Lema
(en substitución de Paulo Ríos Santomé)
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Carlos López Font

Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Proposicións non de lei

1.1 13077 (12/PNC-001236)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha co obxectivo de afrontar o problema da escaseza de polbo nas rías galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102f1, do 17.10.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)**, quen pasa a dar conta das razóns nas que se basea esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta.

Nesta mesma rolda o **señor Fernández Rosende, Jesús María (P),** tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora propoñente, expón as súas razóns a respecto da proposta formulada e anuncia o apoio do seu grupo á mesma.

A **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** fai uso da súa rolda de puntualizacións para agradecer o apoio amosado por ambos grupos parlamentarios, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario.

1.2 13490 (12/PNC-001292)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 3 máis
Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promocionar nas contratacións públicas a economía de proximidade e o consumo de produtos locais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106f1, do 23.10.2024

O **señor López Font, Carlos (S),** procede á defensa da iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia informa que a esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, intervén en primeiro lugar a **señora González Iglesias, Carmela (BNG),** que xustifica o apoio do seu grupo parlamentario á proposición non de lei defendida

Nesta mesma rolda intervén por parte do **G.P. Popular de Galicia** o **señor Santamaría González, Raúl,** quen, logo de matizar moitas das afirmacións realizadas pola voceira e polo voceiro que o precederon no uso da palabra, motiva o posicionamento do seu grupo en contra da proposta de referencia.

O **señor López Font, Carlos (S),** fai uso da rolda de puntualización para incidir na importancia da iniciativa, logo de amosarse en desacordo con moitas das argumentacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario.

1.3 14479 (12/PNC-001413)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana
Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar para incluír o mergullo con subministración de aire desde superficie como técnica autorizada na extracción de moluscos bivalvos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 118f1, do 20.11.2024

O **señor Insua Lema, Óscar (BNG),** explica os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** para manifestar que coincide co espírito da proposta e motiva o posicionamento do seu grupo a favor do punto 1 da mesma e polo que se refire ao punto 2 suscítalle algunhas dúbidas.

Nesta mesma rolda a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P),** tras rexeitar moitas das argumentacións expostas polo propoñente, expresa o voto en contra do grupo que representa.

Na rolda de puntualizacións o **señor Insua Lema, Óscar (BNG)**, expón diversas discrepancias coa intervención da voceira do grupo maioritario e insiste na importancia desta iniciativa de impulso ao Goberno.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.4 15623 (12/PNC-001521)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dunha rede de plantas de produción de semente de moluscos destinada á repoboación dos bancos marisqueiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 135, do 02.01.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (documento número. 17831), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, ampliando as argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Mouzo Mas, Paula (P)**, quen, tras amosar diversos desacordos coa intervención do señor propoñente, defende a emenda presentada polo seu grupo.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)**, expón as súas razóns a respecto da proposta formulada e motiva o voto favorable do grupo ao que representa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, explica as razóns polas que non acepta a emenda de substitución e mantén o texto resolutivo orixinal.

A presidenta ocupa un escano co seu grupo parlamentario, e pasa a desempeñar as súas funcións a secretaria.

1.5 15769 (12/PNC-001534)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 8 máis
Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo respecto da recente decisión da Unión Europea de non incluír Vigo como porto nodal na Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f2, do 10.01.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación do punto 2º por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17808), da que obvia a súa lectura, dado que se enviou copia aos distintos portavoces.

A continuación concédelle a palabra á **señora García González, Patricia (P)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor López Font, Carlos (P),** para explicar o sentido da súa emenda, e anuncia o apoio á iniciativa.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, a **señora González Iglesias, Carmela (BNG),** expón diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións e xustifica apoio do seu grupo a esta proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora García González, Patricia (P**), logo de agradecer o apoio amosado polos voceiros motiva a non aceptación da emenda.

1.6 15771 (12/PNC-001535)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que se rectifiquen as decisións tomadas no ámbito comunitario e que comportan a redución das cotas pesqueiras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f2, do 10.01.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación do punto 1º por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17809), da que obvia a súa lectura, dado que se enviou copia aos distintos portavoces.

A presidenta incorpórase ao seu posto na Mesa.

A continuación concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**, que procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor López Font, Carlos (P),** para explicar o sentido da súa emenda, e anuncia o apoio á iniciativa.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** comenta as anteriores intervencións e motiva o apoio do seu grupo a esta proposta.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P**), logo de agradecer o apoio amosado polos voceiros argumenta as razóns polas que non acepta a emenda de modificación.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 13077 (12/PNC-001236), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:
1. Axilizar e concluír as investigacións e os estudos que, en virtude dos acordos unánimes do Parlamento galego dos últimos anos, se teñan posto en marcha a respecto da escaseza de polbo nas rías galegas.
2. Establecer, de cara á vindeira campaña do polbo todas as medidas técnicas necesarias que permitan unha explotación máis sostible e unha recuperación da especie.
3. Prever as partidas orzamentarias suficientes que sosteñan esas medidas técnicas e, nomeadamente, a cobertura económica do sector diante da moi demorada e necesaria ampliación do período de veda, para evitar a perda de postos de traballo e o incremento da presión noutras pesqueiras.»

1.2 13490 (12/PNC-001292), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.3 14479 (12/PNC-001413), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Atendendo a petición do voceiro do G.P. dos Socialistas de Galicia, sométese a votación o texto resolutivo orixinal por punto:

Punto 1, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Punto 2, que resulta **rexeitado** por:

PARLAMENTO DE GALICIA

Votos a favor:..... 5
Votos en contra: 9
Abstencións: 2

1.4 15623 (12/PNC-001521), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.5 15769 (12/PNC-001534), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:
1. Intensificar as accións diplomáticas ante a Unión Europea para reclamar a inclusión do porto de Vigo como porto nodal na Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T).
2. Requirir á Comisión Europea unha revisión inmediata do regulamento vixente, solicitando o establecemento de criterios obxectivos, que non se limiten ao número de toneladas e que demostren a importancia estratéxica, económica, loxística e sostible do porto de Vigo, así como doutros portos europeos de similares características.
3. Solicitar o apoio do Parlamento Europeo e dos eurodeputados galegos para visibilizar a inxustiza desta decisión e traballar conxuntamente na súa reversión.»

1.6 15771 (12/PNC-001535), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandar que se rectifiquen estas decisións no ámbito comunitario e insistir na necesidade de:
-Revisar os criterios de repartición das cotas do Gran Sol, priorizando unha distribución máis equitativa.
-Apostar por melloras nos sistemas de avaliación científica, incorporando datos máis precisos sobre os stocks de pesqueiras en zonas como o Atlántico Norte, baseándose en índices que reflictan as condicións reais das augas galegas.»

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:35 horas.

Patricia García González

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, c=ES, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.24 08:40:43 +01'00'

V. º pr.
Patricia García González
Presidenta da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2025.03.21 14:04:28 +01'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión